

INSCRIPCIÓN GRATUITA
1 CRÉDITO DE LIBRE CONFIGURACIÓN

galicia



Xacobeo 21-22



XUNTA
DE GALICIA



CAMPU21

DE EMPRENDEMENTO E EMPREGABILIDADE



INSCRÍBETE



12 - 23 DE XULLO DE 2021
SALÓN DE GRAOS DA FACULTADE DE CIENCIAS ECONÓMICAS E EMPRESARIAIS
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

DESCOBRE A RUTA DO EMPRENDEMENTO E A EMPREGABILIDADE

estás a só dez días e vintecinco horas do éxito

INSCRIPCIÓNS: <https://sec-virtual.usc.es/LoginX/Login.asp>

INFORMACIÓN: eva.lopez@usc.es

00

O emprendemento é o camiño que nos fai transitar da idea á empresa. Para completalo con éxito é preciso coñecer o mapa do roteiro, o itinerario, as vicisitudes que podemos atoparnos ao camiñar e a mellor maneira de sortealas con solvencia.

Atrévete a completar xunto a nós o Camiño Emprendedor? Atrévete a seguir o itinerario que che levará da Constelación das Ideas ao Val do Éxito? Se a túa resposta é si, este é o teu Campus. 25 horas divididas en 10 etapas de catro tramos que, en 10 xornadas de 2,5 horas, permitiranche descubrir todos os segredos para emprender con éxito.

Este Campus estrutúrase nun total de 10 áreas e 40 tramos, catro por área, que obxectivan, resumen, exemplifican e dinamizan as que ao noso entender son as nove competencias básicas que toda persona emprendedora debe comprender para ser quen de transformar a súa idea nunha iniciativa empresarial solvente con garantías de éxito. Cada tema contará co seu propio material, o que permitirá traballar as competencias básicas de xeito individualizado.



**DESCOBRE A RUTA DO
EMPRENDEMENTO E A EMPREGABILIDADE**

estás a so dez días e vintecinco horas do éxito

Luns, 12 de xullo de 2021 | 10:00 horas

INAUGURACIÓN

SALÓN DE GRAOS

FACULTADE DE CIENCIAS ECONÓMICAS E EMPRESARIAIS

UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

INAUGURAN:

José Alberto Díez de Castro

Secretario Xeral de Universidades

Xunta de Galicia

Vicente Pérez Muñuzuri

Vicerreitor de Innovación e Investigación

Universidade de Santiago de Compostela

María do Mar Lorenzo Moledo

Vicerreitora de Igualdade, Cultura e Servizos.

Universidade de Santiago de Compostela.

Xosé Ramón Doldán García

Decano da Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais

Universidade de Santiago de Compostela



DÍA 1 | ETAPA 1 | 12 DE XULLO

**ANTES DE EMPRENDER UN
CAMIÑO PRECISAMOS SABER
QUE TEMOS E CARA ONDE IMOS**



CAMPU21
**DE EMPRENDEMENTO
E EMPREGABILIDADE**

hoxe visitamos

A CONSTELACIÓN DAS IDEAS

OBTÉN A TÚA CREDENCIAL PARA PERCORRER O CAMIÑO

03

Todo comeza na “Zona Cero”, que servirá como presentación. Esta introducción facilitaranos, a través do modelo Canvas (a credencial da persoa emprendedora), observar dunha soa ollada o panel gráfico dun plan de empresa.

O modelo Canvas convídanos a concretar a nosa idea de empresa, animándonos a definir os recursos de que dispoñemos, a actividade que pretendemos desenvolver, as socias e os socios que a poñen en marcha e a súa participación na empresa, a clientela a quen orientaremos o noso produto ou servizo, as relacións que estableceremos con eles, as canles a través das cales os contactaremos, os nosos valores diferenciais e o equilibrio entre os custos que se precisan para desenvolver a actividade e os ingresos que se esperan obter ao realizala. estableceremos con eles, as canles a través das cales os contactaremos, os nosos valores diferenciais e o equilibrio entre os custos que se precisan para desenvolver a actividade e os ingresos que se esperan obter ao realizala.

*hoxe visitamos*

A CONSTELACIÓN DAS IDEAS

OBTÉN A TÚA CREDENCIAL PARA PERCORRER O CAMIÑO

04

Que facer para que unha idea se convirta en empresa e funcione? Como diferenciar e segmentar a clientela para tratar de atraelos, interesala, incentivar o seu desexo e accionar o seu botón de compra? Como diferenciar a empresa para triunfar? Como facer chegar o produto desde a fábrica ao lugar de consumo? Como conquistar o corazón do cliente? Como investir sen perder os aforros nin a cabeza? Como comunicar o que ofrezco? Como relacionarnos para gañar posicionamento? Como ponderar riscos?... De todo isto e de moito máis vai este “manual-guía” ou “módulo 1”.



Día: 12 de xullo de 2021

Duración: 2,5 horas

Horario: 10:00 - 12:30 horas

Imparte: **Carlos Varela**

Educador e Pedagogo pola USC

Membro do grupa ESCULCA da USC

CEO de En Clave Cultural

Mentor da USC

hoxe visitamos

A CONSTELACIÓN DAS IDEAS

OBTÉN A TÚA CREDENCIAL PARA PERCORRER O CAMIÑO

DÍA 2 | ETAPA 2 | 13 DE XULLO

GUSTARÍACHE TER UNHA IMAXE
ÚNICA E UNHA PERSONALIDADE
EXCLUSIVA?



CAMPU21
DE EMPRENDEMENTO
E EMPREGABILIDADE

hoxe visitamos

O VAL DA IDENTIDADE

IDENTIDADE, PERSONALIDADE, RECURSOS E ACTIVIDADE

Así, a segunda etapa, **O Val da Identidade**, procura que a través dos seus catro tramos (identidade, personalidade, recursos e actividade) sexamos capaces de encher con solvencia os recuadros “recursos clave” e “actividade clave” do modelo Canvas, ademais de buscar definir unha imaxe corporativa solvente para a empresa.

06

Día: 13 de xullo de 2021

Duración: 2,5 horas

Horario: 10:00 - 12:30 horas

Imparte: **Fernando Rodríguez**

Estudou Mercadotecnia na UDC

Especialista en Marketing Dixital

CEO Con C de Comunicación

Creador de Briefing Galicia

O VAL DA IDENTIDADE

IDENTIDADE, PERSONALIDADE, RECURSOS E ACTIVIDADE

DÍA 3 | ETAPA 3 | 14 DE XULLO

**DESCOBRE AS SUMAS QUE CHE
MULTIPLICARÁN E CHE FARÁN
IMPRESINDIBLE**



CAMPU21
**DE EMPRENDAMENTO
E EMPREGABILIDADE**

hoxe visitamos

AS MOUNTEAMS

ASÓCIATE, PARTICIPA, DIRIXE E ESCOLLE

A terceira etapa, **MounTeams**, procura que a través dos seus catro tramos (sociedade, participa, dirixe e escolle) sexamos capaces de definir o recadro “socios clave” e o apartado “recursos humanos” da categoría “recursos clave”, definindo como participa cada persoa na empresa e como se organiza o conxunto de valores humanos na contorna corporativa.

08



Día: 14 de xullo de 2021

Duración: 2,5 horas

Horario: 10:00 - 12:30 horas

Imparten: **Carmen José López & José Oreiro**

Estudaron Dereito na USC

Carmen foi presidenta de AJE Galicia

Hoxe é CEO de Lustrum Abogados

José é director de Adecco Norte España

AS MOUNTEAMS

ASÓCIATE, PARTICIPA, DIRIXE E ESCOLLE

DÍA 4 | ETAPA 4 | 15 DE XULLO

**AS HABILIDADES SON O AIRE
COMPRIMIDO QUE DISPARA O
NOSO TALENTO. DESCÓBREAS!**



CAMPU21
**DE EMPRENDEMENTO
E EMPREGABILIDADE**

hoxe visitamos

O POBOADO DAS HABILIDADES

MOTIVA, CONVENCE, NEGOCIA E LIDERA

10

A cuarta etapa, **O Poboado das Habilidades**, que é transversal, procura que a través dos seus catro tramos (motiva, convence, negocia e fideliza) sexamos capaces de explicar ao alumnado a necesidade de dominar catro habilidades básicas para o desenvolvemento diario das empresas: o positivismo, a venda, o entendemento e a necesidade de xerar alianzas duradeiras entre os clientes e a empresa, dimensións todas que nos axudarán a definir o recadro “relacións coa clientela”.



Día: 15 de xullo de 2021

Duración: 2,5 horas

Horario: 10:00 - 12:30 horas

Imparte: **Fernando Rodríguez**

Estudou Mercadotecnia na UDC

Especialista en Marketing Dixital

CEO Con C de Comunicación

O POBOADO DAS HABILIDADES

MOTIVA, CONVENCE, NEGOCIA E LIDERA

DÍA 5 | ETAPA 5 | 16 DE XULLO

ÁS VECES, PRECISAMOS UN
CAMBIO DE RUMBO PARA
REORIENTAR O FUTURO



CAMPU21
DE EMPRENDEMENTO
E EMPREGABILIDADE

hoxe visitamos

O TEMPLO DA ESTRATEXIA

OBSERVA, ANALIZA, DIAGNOSTICA E ACTÚA

A quinta etapa, **O Templo da Estratexia**, que tamén é transversal, procura que a través dos seus tramos (observa, analiza, diagnose e actúa) sexamos capaces de realizar unha boa análise de mercado para comprender a contorna da empresa e organizar os seus recursos en atención ás oportunidades que se presentan. Será un tema crucial para comprender en que “segmentos de clientes” concentrarnos e que “proposta de valor” presentar á sociedade.



12

Día: 16 de xullo de 2021

Duración: 2,5 horas

Horario: 10:00 - 12:30 horas

Imparte: **Fernando Rodríguez**

Estudou Mercadotecnia na UDC

Especialista en Marketing Dixital

CEO Con C de Comunicación

Creador de Briefing Galicia

O TEMPLO DA ESTRATEXIA

OBSERVA, ANALIZA, DIAGNOSTICA E ACTÚA

DÍA 6 | ETAPA 6 | 19 DE XULLO

HAI PEQUENAS VARIABLES QUE
MARCAN GRANDES DIFERENZAS.
APRENDE A CONTROLALAS.



CAMPU21
DE EMPRENDEMENTO
E EMPREGABILIDADE

hoxe visitamos

A MERCADORÍA

PRODUTO, PREZOS, PRAZAS E PROMOCIÓNS

A sexta etapa, **A MercadoRía**, procura que a través dos seus catro tramos (produto, prezo, praza e promoción) sexamos capaces de definir con claridade os nosos produtos ou servizos (e, en consonancia, a nosa “actividade”), os seus prezos, as “canles” polas que estes chegarán a quenés consumen e as actuacións de comunicación da marca e dos seus produtos (incluída a “proposta de valor”).

14



Día: 19 de xullo de 2021

Duración: 2,5 horas

Horario: 10:00 - 12:30 horas

Imparte: **Modesto Gómez**

Estudou Economía na USC

CEO de Enxeño Galicia e Reposiciona

Mentor da USC

A MERCADORÍA

PRODUTO, PREZOS, PRAZAS E PROMOCIÓN

DÍA 7 | ETAPA 7 | 20 DE XULLO

**CON INDEPENDENCIA DO CAMIÑO
QUE ESCOLLAS, A DIFERENZA
ESTARÁ SEMPRE EN TI**



CAMPU21
DE EMPRENDEMENTO
E EMPREGABILIDADE

hoxe visitamos

O VOLCÁN DA MARCA

MELLORAS, NECESIDADES, CAMBIOS E DIFERENZAS

A séptima etapa, **O Volcán da Marca**, é transversal, e procura que a través dos seus catro tramos (melloras, necesidades, cambios e diferenzas) sexamos capaces de explotar todas as nosas virtudes persoais como persoas emprendedoras e empresarias. Non esquezamos que son as boas profesionais as que constrúen as marcas excelentes.

16



Día: 20 de xullo de 2021

Duración: 2,5 horas

Horario: 10:00 - 12:30 horas

Imparte: **Modesto Gómez**

Estudou Economía na USC

CEO de Enxeño Galicia e Reposiciona

Mentor da USC

O VOLCÁN DA MARCA

MELLORAS, NECESIDADES, CAMBIOS E DIFERENZAS

DÍA 8 | ETAPA 8 | 21 DE XULLO

**APRENDE A TRANSMITIR AS
TÚAS MENSAXES E CONSEGUE
QUE RESOEN MOITO MÁIS**



CAMPU21
**DE EMPRENDEMENTO
E EMPREGABILIDADE**

hoxe visitamos

O FORTE DAS COMUNICACIÓNS

DISTANCIA CURTA, MEDIA, LONGA E COMUNICACIÓN

18

A oitava etapa, **O Forte das Comunicacions**, procura que a través dos seus catro tramos (distancia curta, media, longa e narración) sexamos capaces de dar a coñecer o noso produto e as súas bondades mediante a promoción comercial, o desenvolvemento de sesións compartidas e a exposición nos medios de comunicación. Non debemos esquecer que o que non se coñece, non existe. Por tanto este tema, moitas veces esquecido ou desprazado, é crucial para o éxito de calquera empresa.



Día: 21 de xullo de 2021

Duración: 2,5 horas

Horario: 10:00 - 12:30 horas

Imparte: **Sandra Rodríguez**

Estudou Ciencias da Información na USC

Directora de Growcom

O FORTE DAS COMUNICACIÓNS

DISTANCIA CURTA, MEDIA, LONGA E COMUNICACIÓN

DÍA 9 | ETAPA 9 | 22 DE XULLO

**QUEN XESTIONA BEN OS SEUS
RECURSOS, MULTIPLICA AS SÚAS
OPORTUNIDADES**



CAMPUS
**DE EMPRENDEMENTO
E EMPREGABILIDADE**

hoxe visitamos

A CONCA DA XESTIÓN

TEMPO, FINANZAS, FISCALIDADE E CONSTITUCIÓN

20

A novena etapa, **A Conca da Xestión**, procura que a través dos seus catro tramos (xestión do tempo, finanzas, fiscalidade e constitución) sexamos capaces de comprender os pasos que cómpre dar para constituír unha empresa, a importancia dos “ingresos” e “gastos” na vida e o funcionamento da empresa, como a Facenda Pública condiciona a disposición deses ingresos e gastos e, por último, aínda que non por iso menos importante, como unha boa xestión dos recursos e do tempo pode mellorar a vida da empresa e das persoas que emprenden.



Día: 22 de xullo de 2021

Duración: 2,5 horas

Horario: 10:00 - 12:30 horas

Imparte: **Regina Ruanova & Luis Alfonso Cayo**

Regina estudou empresariais na UDC

Luis estudou relacións laborais na USC

Son asesores en García Salgado Asesores

A CONCA DA XESTIÓN

TEMPO, FINANZAS, FISCALIDADE E CONSTITUCIÓN

DÍA 10 | ETAPA 10 | 22 DE XULLO

**SE NON ES DIFERENTE,
ES IGUAL...
E LOGO QUE?**



CAMPU21
**DE EMPRENDEMENTO
E EMPREGABILIDADE**

hoxe visitamos

O BOSQUE DA DIFERENCIACIÓN

OBTÉN, ANALIZA, APLICA A LÓXICA E CREA DISRUPTIVAMENTE

A décima etapa, **O Bosque da Diferenciación**, de novo é transversal e procura dos seus catro tramos (obxectiva, lóxica, crea e innova) sexamos capaces de diferenciarnos da competencia cunha “proposta única de venda” recoñecible, diferenciabile e apreciable.

22

Día: 23 de xullo de 2021

Duración: 2,5 horas

Horario: 10:00 - 12:30 horas

Imparte: **Carlos Varela**

Educador e Pedagogo pola USC

Membro do grupo ESCULCA da USC

CEO de En Clave Cultural

Mentor da USC

O BOSQUE DA DIFERENCIACIÓN

OBTÉN, ANALIZA, APLICA A LÓXICA E CREA DISRUPTIVAMENTE

23

Cada un dos **dez temas** clave para emprender abordarase nunha etapa, que se desenvolverá en **media xornada** e estruturarase en **catro tramos dunha hora** de duración.

En cada tramo (hora) combinaremos **pílulas teóricas** con **vídeotutoriais** e **exemplos prácticos** que ilustren mellor as exposicións. E para garantir un gran dinamismo na actividade, contaremos cun **guía ou formador de aula** e un **sherpa interactivo** que nos facilitarán en todo momento o camiño.

As etapas planeáranse de maneira que se fomente a **interactividade**. E as presentacións complementaranse coa inserción de **códigos QR** que amplíen a documentación e fomenten a posta en valor de **contidos multimedia**.

Ademáis, en cada etapa introduciremos pequenos **tips de empregabilidade e igualdade**.



Modesto Gómez

Coordinador do Campus

METODOLOXÍA EXPOSITIVA

INTERACTUREMOS DA MAN


MAPA E ROTEIRO DO CAMPUS

galicia

Xacobeo 21-22

XUNTA
DE GALICIA

USC



INSCRIPCIÓN GRATUITA
1 CRÉDITO DE LIBRE CONFIGURACIÓN

gálicia



Xacobeo 21-22



XUNTA
DE GALICIA



CLAUSTRO CAMPU21 DE EMPRENDEMENTO E EMPREGABILIDADE

INSCRIPCIÓNS: <https://sec-virtual.usc.es/LoginX/Login.asp>

INFORMACIÓN: eva.lopez@usc.es